

SEGUNDA ACTA DE CUALIFICACIÓN E COMPROBACIÓN DE APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES

Na Casa Consistorial de Ames sendo as doce horas e trinta minutos do día 29 de agosto de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto **PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

Dona José Manuel Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames.

Vogais:

Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.

Dona Margarita Fenández Sobrino, interventora da Corporación.

Don Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Dona Marta Bellas Rodríguez, arquitecta municipal da Corporación.

Por parte dos **grupos municipais da oposición**, con voz pero sen voto, asiste o representante do grupo municipal do Partido Popular, don Roberto José Martínez Viaño, a concelleira do grupo municipal Ames Novo, dona Pilar Candocia Pita, o concelleiro de grupo municipal Pacto x Ames, D. Ramón García Argibay, e o concelleiro non adscrito D. Francisco Javier López Suárez.

Secretario: Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Comeza o acto dándose conta de que na anterior reunión da mesa de contratación, que tivo lugar o pasado día 8 de agosto ,acordouse requirir aos 6 licitadores presentados a documentación que consta na acta levantada ao efecto.

A continuación, polo secretario da mesa, procédese a lectura textual da documentación solicitada a cada un dos licitadores, e polos membros da mesa compróbase que a documentación fora presentada no prazo conferido e que se axuste ao solicitado resultando o seguinte:

1.- ESPINA Y DELFIN, S.L presenta en data 19 agosto 2016, dentro do prazo conferido, a seguinte documentación:

- Certificado do Concello de Lalín relativo a servizos e habitantes.
- Certificado da Mancomunidade do Salnes relativo a servizos e habitantes.
- Certificado do Concello de Ordes relativo a servizos e habitantes.
- Certificado do Concello de Sarria relativo a servizos e habitantes.
- Certificado do Concello de Verín relativo a servizos e habitantes.
- Certificado do Concello de Villagarcía de Arousa relativo a servizos e habitantes.
- Relación de servizos con beneficiarios, datas e importes.

Examinada a documentación polos membros da mesa, por unanimidade dos mesmos, considérase que a documentación se axusta ao solicitado.

2.- FCC AQUALIA, S.A presenta en data 22 de agosto 2016, dentro do prazo conferido, a seguinte documentación:

- Certificado da compañía Zurich insurance PLC acreditativo da existencia de póliza de

responsabilidade civil con un límite de indemnización por sinistro de 6.000.000.- Euros.
- Compromiso de renovación periódica da póliza de seguros en caso de resultar adxudicatario.

Examinada a documentación polos membros da mesa, por unanimidade dos mesmos, considérase que a documentación se axusta ao solicitado.

3.- ACCIONA AGUA SERVICIOS, SLU: presenta en data 18 de agosto 2016, dentro do prazo conferido, a seguinte documentación:

Relación de servizos con beneficiarios, datas e importes.

Examinada a documentación polos membros da mesa, por unanimidade dos mesmos, considérase que a documentación se axusta ao solicitado.

4.- SOCIEDAD DE FOMENTO AGRÍCOLA CASTELLONENSE SA (FACSA) ESPINA OBRAS HIDAÚLICAS, SA (UTE): presenta en data 19 de agosto 2016, dentro do prazo conferido, a seguinte documentación:

- Certificado do Concello de D'alcalá de Xivert relativo a servizos e habitantes.
- Informe do Concello de La Vall d'Uixó (Castellón) relativo a servizos e habitantes.
- Certificado da sociedade de fomento agrícola castellonense, de prestación de servizos e habitantes no Concello de Burriana.
- Certificado do concello de Borriana relativo a servizos e habitantes.
- Certificado do Enxeñeiro de camiños do Concello de Burriana relativo a servizos e habitantes.

Examinada a documentación polos membros da mesa, por unanimidade dos mesmos, considérase que a documentación se axusta ao solicitado.

5.- VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU: presenta en data 19 de agosto 2016, dentro do prazo conferido, a seguinte documentación:

- Compromiso de renovación periódica da póliza de seguros en caso de resultar adxudicatario.
- Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil general.
- Relación de servizos con beneficiarios, datas e importes.
- Certificado do Concello de Ponteareas relativo a servizos e habitantes.
- 4 certificado de augas de galicia relativo a servizos prestados na Explotación da EDAR de praceres (Pontevedra).
- Certificado do Concello de Pontevedra relativo a servizos e habitantes.
- Certificado do Concello de A Estrada relativo a servizos e habitantes.
- Certificado do Concello de Riveira relativo a servizos e habitantes.
- 2 certificados do Concello de Ourense relativos a servizos e habitantes.

Examinada a documentación polos membros da mesa, por unanimidade dos mesmos, considérase que a documentación se axusta ao solicitado.

6.- VALORIZA AGUA, SL: a esta empresa, mediante escrito rexistrado de saída co nº 6364, e notificado en data 17 de agosto 2016, e outorgándolle un prazo de 3 días hábiles para a presentación, foille requirida a aportación da documentación que consta na acta da mesa do día 8 de agosto de 2016 (*contas anuais aprobadas e rexistradas, copia da póliza de seguros e compromiso de renovación periódica do seguro*) e a documentación solicitada non foi aportada ata o día 26 de agosto de 2016 (registro entrada nº 8738), fora do prazo de 3 días hábiles conferido a tal efecto. A continuación, polo secretario da mesa, dase lectura a un escrito presentado pola devandita empresa en data 29 de agosto, no que en síntese manifestan que se produxo un erro na notificación por parte da oficina de correos e que a devandita notificación foi entregada na dirección da empresa en Madrid, pero en outra planta distinta, na que se atopa a empresa Valoriza agua servicios medioambientales, SA, tamén

pertencente ao grupo Sacyr, e que polo tanto non foi recibida nas oficinas de Valoriza Agua, SL ata o día 25 de agosto, e termina solicitando que se teña en conta esta circunstancia e se admita como presentada en tempo e forma a documentación presentada.

A mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros, e considerando que a documentación está presentada fora de prazo e que se trata de un defecto insubsanable acorda non admitir a documentación presentada.


A vista do exposto, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

1º.- Declarar admitidas no procedemento de licitación as empresas:

- 1.- ESPINA Y DELFIN, S.L
- 2.- FCC AQUALIA, S.A.
- 3.- ACCIONA AGUA SERVICIOS, SLU.
- 4.- SOCIEDAD DE FOMENTO AGRÍCOLA CASTELLONENSE SA (FACSA) ESPINA OBRAS HIDAÚLICAS, SA (UTE).
- 5.- VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU.

2º.- Propoñer ao órgano de contratación do presente procedemento (pleno do Concello), a exclusión da empresa VALORIZA AGUA, SL, do procedemento de licitación, por presentar a documentación que lle foi requirida fora do prazo establecido.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor presidente da por rematado o acto, sendo as trece horas e cinco minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretario, certifico.



Handwritten signatures in blue ink, including several illegible signatures and one clearly legible signature: *R. Pacheco Vique*.



